

## A ESCOLA DA VIDA

# A casiña e a galiña

22.08.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Un dos acertos do Goberno galego actual foi o de decidir integrar as escolas infantís, nomeadas polo Goberno anterior, sección Bloque, como Galescolas, dentro o sistema educativo. Como xa dixen noutro artigo, isto é o que se debería ter feito xa, tendo en conta que así se desfaría o agravio de ser consideradas como simples gardadoras de nenos, cando no seu nome xa se contempla que son educativas. Pero, ademais, corríxese o nesgo no que se estaba incorrendo coa legalidade vixente, isto é, coa Lei orgánica de educación do ano 2006, xa que nela estas inclúense como unha parte máis do sistema educativo.

Pero como parece que os políticos están máis polas formas que polos fondos, en lugar de implicarse no tema de redactar un decreto sobre as novas programacións e a adecuación que deste ciclo educativo deben facer os profesores para poñelos en sintonía coas necesidades dos seus educandos e familias, quedan enredados en crear unha imaxe corporativa que quebre a que fora proposta polo Goberno anterior.

Vostedes viron algunha vez que nun centro público de educación houbera algún outro logo que o da Administración que o sustenta? Non. Pois entón, a que vén facelo cos centros de educación infantil? Os políticos de quenda din que é para tirarlles a mala imaxe que lles deixaron os seus antecesores. Non o creo. O público é público e normalmente ten unha imaxe neutra pois é utilizado por todos os cidadáns sen sentir que teñan que ser dun partido ou doutro.

Pola contra, crear imaxes corporativas no público cando está un partido ou outro só pode ter unha finalidade partidista e moralizadora, se se quere, para sinalar quen son os bos e quen os malos. E de aquí tírase o peor, xa que os políticos non poden estar xogando a transgredir a normalidade institucional cando esa está feita para que os cidadáns e a Administración cumpran cos seus dereitos e deberes cívicos.

E, ademais, se iso comporta para todos un gasto suplementario, á par que innecesario, máis que máis. Os debuxiños de casiñas e galiñas de cores deben quedar para os nenos das escolas infantís, non para que uns señores ou señoras maiores, considerados sisudos, fagan o impropio á porta destes centros. Cada un ten o seu labor asignado, e o destes últimos é o de contextualizar os centros segundo as necesidades dos seus alumnos e os requisitos da educación que curso a curso van recibir para convertelos en cidadáns de pleno dereito. O demais é entreterse ou distraerse deste obxectivo, malgastando o tempo e o diñeiro que os contribuíntes e os electores lles deron para racionalizar e priorizar as funcións públicas. E xa que este goberno presume de austeridade, podían dedicar a crear máis prazas, que, esas si, son moi necesarias.